

FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA EN CASO DE ADXUDICACIÓN. CURSO 2022-2023

ADULTOS DISTANCIA

A matrícula no réxime adultos distancia realizarase a través da aplicación Ciclosadmisión

POSIBILIDADE DE RESERVA WEB:

Os usuarios identificados na aplicación Ciclosadmisión, poderán reservar a través da aplicación, a matrícula nos módulos nos que obteñan adxudicación (máximo 1000 horas).

Os módulos que figuren reservados ao remate da 3ª adxudicación (día 6 de setembro ás 13.00h) serán os módulos que finalmente figuren na matrícula.

ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN NO CENTRO:

Entregar a seguinte documentación na secretaría do centro entre o 8 e o 28 de setembro.

- Titulación de acceso indicada na solicitude. Título ou certificación académica onde conste o pago de taxas. Orixinal e copia (se non foi presentada neste centro coa solicitude)
- Recibo de pagamento do seguro escolar (para menores de 28 anos) 1.12€ na conta de ABANCA: ES36 2080 0086 2230 4000 2660

NOTA INFORMATIVA:

No caso de ser alumno/a do centro, maior de 28 anos, e ter entregada a documentación, non será necesario presentala de novo.

A documentación poderá enviarse por correo postal á secretaría do centro, e será aceptada, sempre e cando sexa documentación orixinal ou copia cotexada.

De non presentar toda a documentación requirida, ou detectarse algunha irregularidade, a matrícula poderá ser anulada.

De ter que acudir presencialmente á secretaría do CIEFP Ánchel Casal- Monte Alto. Solicite cita previa na seguinte ligazón: <http://www.cifpanxelasal.es/cita-previa/>.